

II Addenda ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvimento da administración electrónica na Comunidade autónoma de Galicia

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Don Alfonso Rueda Valenzuela, na súa condición de Vicepresidente primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, nomeado polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia e, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

Dona M.^a del Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, no uso das facultades que lle son atribuídas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Don Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes Estatutos da Fegamp (aprobados pola Asemblea Xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola Asemblea Xeral 29 de novembro de 2019.

Todas as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, reconécéndose de modo recíproco capacidade, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir esta addenda, e na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que co obxectivo de alcanzar unha Administración pública galega coordinada, cohesionada, interrelacionada e interoperable, en definitiva, eficiente e útil de cara a todos os cidadáns, o 12 de novembro de 2018, don Alfonso Rueda Valenzuela como conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dona Mar Pereira Álvarez como directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e don Alfredo L. García Rodríguez, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, subscribiron un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.- Que a cláusula novena do convenio antedito establecía que "O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020, se prexúzo da súa prórroga por un período máximo de catro anos mediante acordo unánime entre as partes asinantes, manifestado con anterioridade á finalización do correspondente período de vixencia", estando todas



as partes asinantes de acordo con prorrogar a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

Terceiro.- Que lle corresponden á Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, conforme ao disposto no Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, entre outras, as competencias relativas ao fomento e impulso da incorporación das novas tecnoloxías e a coordinación das accións encamiñadas para a súa implantación, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e de métodos de calidade nas administracións locais galegas.

Cuarto.- Que segundo o disposto no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e apróbanse os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, a Amtega ten entre as súas atribucións, entre outras, o impulso, asesoramento técnico e apoio á Presidencia e ao Consello de la Xunta de Galicia, ás consellerías e a outras entidades do sector público autonómico en todo o referente ás tecnoloxías da información e as comunicacións, e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia; o fomento da colaboración e da acción coordinada entre administracións públicas en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións; a definición, dirección e xestión das políticas corporativas de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais da Administración da Comunidade Autónoma; o deseño e realización de accións encamiñadas a garantir o cumprimento da normativa vixente en materia de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais no ámbito da Administración da Comunidade Autónoma; así como a planificación e coordinación das actuacións destinadas a promover a ciberseguridade en todos os ámbitos da actividade económica e social da Comunidade Autónoma.

Quinto.- Que na actualidade, os aspectos normativos, organizativos e técnicos da seguridade da información son dunha enorme complexidade e os riscos de ciberseguridade ao que están expostas as Administracións Pùblicas tanto autonómicas como locais aumentan cada día. A estes efectos, a Xunta de Galicia, por medio da Amtega, dispón dun Acordo Marco que permite a contratación, dentro dun catálogo de servizos flexible, de servizos especializados en seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais no ámbito, entre outros, das Administracións Pùblicas locais, os concellos e as deputacións galegas. O referido catálogo, abrangue prestacións como as que, de modo enunciativo e non limitativo, se listan a continuación: servizo de visibilidade do nivel de ciberseguridade das organizacións; a monitorización, análise e xestión continua de vulnerabilidades; os ciberexercicios como adestramento en materia de ciberseguridade; actividades de formación, concienciación e talento, vídeos formativos e actividades para a promoción e retención do talento; organización de eventos en materia de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais; servizo de xestión de eventos e información de seguridade, servizo de monitorización mediante sonda do tráfico da rede e servizo de protección de rede mediante cortalumes de nova xeración; monitorización de eventos e xestión de incidentes de seguridade; consultoría de alta especialización; servizo de vixilancia dixital ou ciberintelixencia no ámbito da seguridade TIC, entre outros.

Sexto.- Que a Xunta de Galicia, a través da Amtega, ten interese ademais en ofrecer ás Administracións Pùblicas locais servizos relativos ao *cloud computing* (computación na nube) en modalidades IaaS (infraestrutura como servizo), PaaS (plataforma como servizo), SaaS (software como



servizo), ou unha combinación das mesmas: os servizos ofrecidos poderán estar dispoñibles en solucións de *cloud* privado (situadas nos centros de proceso de datos da Amtega), en solucións de *cloud* público ou ambas. Para a prestación destes servizos poderase requirir doutros servizos ou ferramentas complementarios referidos á ciberseguridade ou a implantación e soporte das solucións *cloud*.

Sétimo.- Que conforme ao previsto na normativa vixente en materia de protección de datos persoais, e concretamente, no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante Regulamento xeral de protección de datos ou RXPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) as Entidades Locais de Galicia receptoras dos servizos de ciberseguridade, *cloud* e complementarios descritos anteriormente, terán a estes efectos a condición de responsables do tratamento dos datos, configurándose a Amtega como encargado de tratamiento destas nos casos que se determine.

Oitavo.- Que é interese da Fegamp colaborar coa Xunta de Galicia na facilitación do acceso por parte das Administracións Locais de Galicia aos referidos servizos de ciberseguridade, *cloud* e complementarios posibilitando desta forma o progreso na súa xestión da seguridade da información, da ciberseguridade e da protección de datos persoais por parte destas, así como a utilización de servizos *cloud*, coa finalidade última de mellorar os servizos prestados á ciudadanía.

Por todo o anterior, as partes acordan subscribir a presente addenda ao Convenio de colaboración subscrito o 12 de novembro de 2018 entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da administración electrónica na Comunidade autónoma de Galicia en base ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.

Prorrógase a vixencia do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federacion Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da administración electrónica na Comunidade autónoma de Galicia ata o 31 de decembro de 2024.

Segunda.

Engádense ao catálogo inicial de servizos previstos no ANEXO III do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para o desenvolvemento da administración electrónica na Comunidade autónoma de Galicia, os seguintes servizos:

- servizos especializados en seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais:



- Servizo de visibilidade do nivel de ciberseguridade das organizacións;
- Monitorización, análise e xestión continua de vulnerabilidades;
- Ciberexercicios como adestramento en materia de ciberseguridade;
- Actividades de formación, concienciación e talento, vídeos formativos e actividades para a promoción e retención do talento;
- Organización de eventos en materia de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais;
- Servizo de xestión de eventos e información de seguridade.
- Servizo de monitorización mediante sonda do tráfico da rede e servizo de protección de rede mediante cortalumes de nova xeración;
- Monitorización de eventos e xestión de incidentes de seguridade;
- Consultoría de alta especialización;
- Servizo de vixilancia dixital ou ciberintelixencia no ámbito da seguridade TIC;
- Calquera outro servizos ou infraestruturas de seguridade que a Xunta de Galicia considere preciso pór a dispor das entidades locais.

-Servizos relativos ao cloud computing (computación na nube) en modalidades:

- IaaS (infraestrutura como servizo)
- PaaS (plataforma como servizo)
- SaaS (software como servizo)
- Calquera outra modalidade de servizos Cloud ou unha combinación das mesmas que a Xunta de Galicia considere preciso pór a dispor das entidades locais.

A relación de servizos anterior non ten carácter exhaustivo, podendo ser obxecto de modificación de conformidade co procedemento establecido no convenio orixinario, en atención ás dispoñibilidades e necesidades existentes en cada momento na Xunta de Galicia.

Terceira.

A presente addenda non comporta obrigas económicas adicionais para ningunha das partes asinantes, sen prexuízo da posibilidade das entidades locais adheridas de facer uso, mediante os correspondentes contratos derivados, dos acordos marco que dispoña en cada momento a Xunta de Galicia para a prestación dos servizos recollidos na cláusula segunda, de conformidade co réxime



xurídico aplicable aos ditos acordos marco.

Cuarta.

A Amtega, nos casos que se determine a súa condición de encargado do tratamiento dos datos das Administracións Locais para as que leve a cabo a prestación dos servizos descritos na cláusula segunda, dará estrito cumprimento ás obrigas que se establecen a continuación:

- a) Tratar os datos persoais de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. A estes efectos, o tipo de datos persoais a tratar así como as categorías de persoas interesadas determinaranse en función dos concretos servizos que, de entre os descritos no presente convenio, as Administración Locais estean interesadas en recibir da Xunta de Galicia a través da Amtega. Se a Amtega considera que algúns das instrucións infrinxen o RXPD, a LOPDGDD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos, informará inmediatamente ao responsable.
- b) Respectar as condicións indicadas no artigo 28 do RXPD para recorrer a outro encargado do tratamento.
- c) Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumplir as medidas de seguridade correspondentes ou estean suxeitas a unha obriga de confidencialidade de natureza legal.
- d) Asistir ao responsable, tendo en conta a natureza do tratamento, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, sempre que sexa posible, para que este poida cumplir coa súa obrigación de responder ás solicitudes que teñan por obxecto o exercicio dos dereitos das persoas interesadas recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais. Para iso, a Amtega facilitará ao responsable, por requirimento deste, e coa maior brevidade posible, canta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos. No caso de que as persoas afectadas soliciten o exercicio dos seus dereitos ante a Amtega, esta informaraos, a través de calquera medio fidedigno, do procedemento previsto para iso, e dará traslado, asemade, do contido da devandita solicitude ao responsable.
- e) Axudar ao responsable para garantir o cumprimento das obrigacións establecidas nos artigos 32 a 36 do RXPD, segundo a natureza do tratamento e a información ao dispor da Amtega.
- f) Implantar, en todo caso, as medidas de seguridade necesarias para:
 - 1º. Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
 - 2º. Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidencia física ou técnica.
 - 3º. Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.



4º. Pseudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.

g) Poñer á disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigacións así como para permitir e contribuír á realización de auditorías, por parte do responsable ou doutro auditor autorizado polo devandito responsable.

h) Suprimir ou devolver ao responsable, en función da natureza do tratamento e a elección deste último, tan pronto como finalice o encargo, os datos persoais e, de ser o caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado e subencargados. Non obstante, de conformidade coa normativa en materia de protección de datos, poderán conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución do encargo.

As Administracións Locais para as que se leve a cabo a prestación dos servizos descritos na cláusula segunda desta II Addenda, poderán autorizar expresamente á Amtega para recorrer a outros encargados do tratamento para o desenvolvemento do seu encargo. Para estes efectos, corresponderalle á Amtega formalizar a relación cos devanditos subencargados, os cales quedarán sometidos ás mesmas obrigas de protección de datos que as previstas nesta cláusula para a Amtega, en particular no referente á prestación de garantías suficientes e á aplicación de medidas técnicas e organizativas apropiadas de maneira que o tratamento sexa conforme á normativa en materia de protección de datos. Se o subencargado incumpre as súas obrigas de protección de datos, a Amtega seguirá sendo plenamente responsable ante o responsable do tratamento polo que respecta ao cumprimento das obrigas do subencargado. No caso de que a relación entre a Amtega e o subencargado se someta á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspónen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, deberá observarse tamén o disposto na devandita lei.

Quinta. En todo o non novado expresamente pola presente Addenda, permanecen vixentes e inalteradas as cláusulas e condicións establecidas no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia, subscrito en data 12 de novembro de 2018.

E, en proba da súa conformidade, as partes asinan esta addenda.

Don Alberto Varela Paz,

Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp)

Dona M.^a del Mar Pereira Álvarez,

Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Don Alfonso Rueda Valenzuela,

Vicepresidente primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo